

# O NACIONALISMO CRUZOUSE DE BRAZOS



## carta do presidente

*Máis vale entrar na Coruña de noite que no ceo de día.* Deste xeito festexaban os viaxeiros a súa chegada cando a vella estación recibía o tren na beira do mar, e as luces da cidade chiscábanlle o ollo ás augas da ría. Para a Igrexa era unha blasfemia. Quen blasfema e prevarica agora son as autoridades do concello coruñés. Un rótulo insultante, provocador, fixado en placa metálica nas paredes que rodean o largacío que serve de antesala da avenida dos Cantóns, evidencia o desprezo que fan da toponimia oficial e do noso idioma: *Plaza de Orense*, cando xa nas televisións españolas lle chaman *Ourense* á cidade das Burgas. ¿Será o herdo españolizador daquel rexedor municipal cativo do seu acento, que lle segue a mancar no bico da lingua como unha espulla que lle naceu de pequeno? Aquel rexedor, prototipo do autoodio, que promoveu unha praza de touros, sabedor de que unha España sen touradas é unha España coxa? Anímense os taurófilos e aproveiten o *ruedo* para cortarlle o rabo e as orellas a quen para ser un español cabal só lle falta pór na cabeza unha *peineta*.

Os romanos cambiáronnos a lingua pero deixáronnos os castros e algúns topónimos espaxados pola xeografía galega. Os invadidos de agora, os mentalmente invadidos, coidan que a mellor maneira de borrar o complexo é furtando á historia calquera pegada que poida dar testemuño dunha identidade propia. En Roma están moi ben estes invadidos, aspirantes a invasores. Alí naceron os imperios. O primeiro con Augusto. Máis tarde a reencarnación soñada e fracasada por Benito Mussolini.

Pero non. Non é responsabilidade exclusiva do partido herdeiro daquela fobia antigalega, outrora petulante cando as urnas eran pródigas con el. Castigado un pouco nas últimas eleccións, viuse obrigado a petar na porta do nacionalismo. Así naceu un matrimonio de conveniencia. Mais, ¿para quen foi a comenencia? Para quen casou polo dote e non polo amor. A cohabitación non supón a fusión de programas, pero esixe un mínimo de cortesía política co parceiro. ¿E non é a lingua patrimonio inalienable para o nacionalismo? Vista a tolerancia do irreverente topónimo parece que importa máis o prato na mesa da Cámara municipal. Galiza pode agardar. O estómago non. Nunca valeron menos seis concelleiros, precisamente cando estes son necesarios. Non eramos moitos máis os militantes que polas noites íamos restaurando a maltreira toponimia do país, nos tempos en que usar un *spray* era case tan perigoso como levar unha pistola. Non tiñamos a lei pero sobrabanos coraxe, e a forza de coraxe fomos conquistando a lei. ¡Vaia paradoxo, agora que gañamos a lei perdemos a coraxe!

¿De quen é a culpa? ¿Intransixencia dunha parte ou febleza e desleixo da outra? Nos dous casos quen deserta é o que tira as armas porque non quere ou non sabe utilizalas. Se os barcos importasen menos que a honra, hai principios irrenunciábeis nun pacto de goberno. As aldraxes ao idioma -e tamén á lei que o protexe- é causa suficiente para que o acordo sexa declarado nulo. Así se facía cando o nacionalismo era alguén. Se nos preocupamos máis por facer número que por construír país, corremos o risco de substituír os acoirizados por unha frota de submarinos. ¿E cara onde van estes dirixir os seus torpedos? ¿Ou será que os moi valentes cando estaban fóra tornáronse mansos ao metérense dentro? Hai algo máis que o *la, la, la*, canción preferida por alguén que se adicou á política por fracasar na súa vocación de cupletista. Quedan

aínda os *Ourense* e os *Arteijo*, palabra esta irritante para as gorxas galegas, afeitas a modulacións calmas e garimosas.

Pensaba eu que na Coruña había nacionalismo. Non o poño en dúbida. ¡Faltaría máis! Pode ser que se volvese cego. ¿Cruzaríase de brazos, quizais? Por cobardía non será, pois non parece lóxico fuxir do combate cando todos os ventos sopran a favor. É a interpretación máis indulxente que eu atopo para explicar a indolencia daqueles que indo a Compostela manifestárense -na Ferradura e na Quintana- en defensa do idioma, esquécense de que tamén hai prazas nas ribeiras do Orzán. Tal proceder contradictorio só se explica pola ritualización da ideoloxía. En canto o ideal se converte en rito perde a súa virtualidade. A cerimonia do Nadal, constituída pola Igrexa para honrar o Neno, converteuse na festa da papatoria. Se transformarmos as mobilizacións en efemérides, non tardaremos en reducilas a eventos culinarios.

E xa que falamos de liturxias, vénme á mente a imaxe daqueles cregos preconciábeis, uniformados con sotana chea de botóns, sempre de loito, panza xenerosa e tonsura no curuto da cabeza. Aqueles abades que a Pardo Bazán mete nunha das súas novelas. No púlpito predicaban castidade, e na casa fochicaban coa criada. Se o noso ideal, a nosa consigna, é a normalización lingüística, comecemos por facelo onde está na nosa man normalizar. Doutro xeito, organizar simposios, imprimir carteis, presentar mocións, é simple retórica de púlpito.

¿Qué facer? Entendemos que as organizacións son fortes, que están vivas, cando practican o debate interno. Para isto se convocan asembleas. Non está mal falar do aborto, non sei se para deter ou agravar a sangría demográfica, que nos pode converter dentro de pouco nun país anémico.

Antes Galiza escoaba habitantes pola ferida da emigración. Agora, tamén, polas covas do camposanto, que están a esgotar as nosas reservas de poboación. De seguirmos así non imos tardar en vermos substituídas as escolas por residencias da terceira idade. ¿Que quero suxerir con isto? Que a nosa escala de problemas, de reivindicacións, de valores, non pode estar xerarquizada por criterios de importación. Non vou seguir. Se vén a conto, algunha vez adicarei máis atención a un tema que non cabe na dimensión nin nas pretensións deste artigo. Abonda afirmar que sen xente non hai nación, e sen nación sobran os nacionalismos. Boa advertencia para os ecoloxistas urbanitas, tan preocupados eles pola extinción do lobo, e que promoven confiscar montes para manter esquivos. Non tardaremos os galegos -segundo o exemplo daquel esgreivo avogado brasileiro perseguido pola ditadura de Getúlio Vargas- en solicitarmos o amparo da lei de protección dos animais.

A conclusión é que os órganos políticos funcionan cando elaboran estratexias, e sobre todo cando corrixen desaxustes na aplicación das mesmas. Vendo a pasividade ante a provocativa ofensa non só á lingua senón á toponimia que con traballo conseguimos oficializar, a diagnose é de encefalograma plano. Nin a praxe nin a teoría dan síntomas de actividade. Diredes que é doado censurar. Sementar, procurar, cortar e debullar o millo, é tocar outro pandeiro. Pois eu vou dárvolo xa moído. É de catón que nos pactos políticos debe garantirse a exclusión de todo aquilo que sexa lesivo dos principios ideolóxicos do aliado. Sen este compromiso sobran outras cláusulas. Non hai diálogo posíbel. Sen idioma non hai nación, e sen nación -díxeno antes- non hai nacionalismo.

É de catón que nos pactos políticos debe garantirse a exclusión de todo aquilo que sexa lesivo dos principios ideolóxicos do aliado

Supoño eu que este requisito sería *conditio sine qua non* para a entrada no consistorio de María Pita. A tolerancia sería comprensíbel nos primeiros meses de goberno municipal, por subordinar a corrección da toponimia a outros obxectivos de maior urxencia. ¿Máis importantes quizais? Pasaron máis de dous anos e a rotulación leva traza de rematar así. Os nacionalistas -dirán os críticos- apandan co que lles boten. A súa furia acábaselles en canto cheiran un codelo que roer. Baixaron do monte, declararían un ex-deputado que cuspiu na Cámara e no seu *Diario de Sesións* inmundas ofensas, non contra os seguidores de Bóveda e Castela, senón contra o mesmo ideario que eles e nós defendemos. Recentemente, este personaxe chamou na porta nacionalista para recuperar escano da man da ideoloxía que antes aldraxara. O máis grave é que o chaqueteiro atopase avais na casa onde petou.

Chegado este momento, non hai máis alternativa que afundir os barcos para recuperar a dignidade. Pobre argumento é obxectar que a responsabilidade corresponde aos que ostentan a representación popular na corporación. Déixemoslles a eles o codelo, se tanta importancia lle dan ao chusco. Foron moitos os chusqueiros que fixeron carreira na milicia. Teñen a lei da súa banda, xa que as credenciais son das urnas. Mais os carnés son do partido que apadriñou a súa candidatura. Os que reman río arriba -os revolucionarios, libertadores, nacionalistas, emancipadores, os que ademais de chamarse son de esquerda- non avanzarán se non se desprenden dos que se deixan arrastrar pola corrente.

Vista a indiferenza e preguiza dunha organización local que se atopa en estado clínico, a miña proposta é constituír un comando operati-

vo de nacionalistas da terceira idade, e iniciar de contado a limpeza do infamante topónimo. Con cinco persoas abonda. Por servidume da *lei de paridade*, cómpre que polo menos dúas delas sexan homes. Chega unha escada, un martelo e unha ducia de parafusos. Pouco máis. As placas metálicas corren do meu peto. Un domingo de mañá soleada, para que a concorrência sexa maior, tiramos ao lixo a *Plaza de Orense*, seguindo o exemplo dos ferroláns que expulsaron da entrada da cidade o dono e o cabalo. Será curiosa a que se vai montar. Unha liorta entre o código civil e o código penal. O primeiro a prol do topónimo oficial. O segundo en contra dos estragos na propiedade pública.


Como queira que a reacción, a dereita, a mediocridade, son fervorosos devotos do código penal, que ven na xustiza punitiva o talismán que resolve todos os conflitos, o desenlace está cantado. O comando operativo será capturado como refén pola xendarmaría municipal. Será enxaulado na comisaría, na que non hai moito os mequetrefes vestidos de gris hostiaban aos detidos por negárense a falar en español. ¿Lémbraste, Paco? Volverán entón os tempos de voltar á rúa para reclamar "liberdade" e "amnistía". A min vaime facer moita graza comprobar así de que parte estarán os edís nacionalistas. ¿Poráanse ao lado do código civil, da liberdade, ou estarán co código penal e cos xendarmes? ¿Quen o diría! ¡Ás trincheiras, que chegaron os nosos!



BAUTISTA ÁLVAREZ

## Paremos o decretazo: navallada contra o galego

[ Anxo Louzao Rodríguez ]



A proposta de bases para o decreto é un texto preautonómico, pois nin alcanza o disposto no Estatuto de Autonomía, aprobado hai 29 anos, que no seu artigo 5.3 establece que "*os poderes públicos potenciarán o emprego do galego en todos os niveis da vida pública, cultural e informativa e disporán dos medios necesarios para o seu coñecemento*", e supón un incumprimento da Lei de Normalización Lingüística de 1983 que establece no seu artigo 3.2 que "*as autoridades educativas arbitrarán as medidas encamiñadas a promover o uso progresivo do galego no ensino*". Trátase dunha proposta involutiva respecto a todas as normas aprobadas desde a promulgación, en 1983, da Lei de Normalización Lingüística e retrotráenos á época franquista e ao decreto de bilingüismo de 1979, causante de diferentes conflitos, persecución e expedientes disciplinarios contra o profesorado, polo único delito de impartir as aulas en galego.

No texto proposto, o ensino en galego pasa, no mellor dos casos, dun 50% a un 30%. Mais, sabemos por experiencia que, ao non fixarse as materias que como mínimo hai que impartir en lingua galega, estas porcentaxes non se alcanzarán na maioría dos centros e o galego pasará a ser a lingua daquelas materias menos recoñecidas e valoradas social e academicamente.

En Educación Infantil, elimínase a obriga do 50% de presenza do galego nos contornos castelán falantes, polo que, na práctica, o galego desaparecerá destas aulas. En Primaria, o galego pasa a ser unha lingua residual, ao deixar de ser o idioma de docencia de materias como Coñecemento do Medio, que se viña impartindo en galego desde 1987, e de Matemáticas. Na ESO, expúlsase o galego de materias como Ciencias Sociais, tamén impartidas en galego desde o ano 1987, Matemáticas e Ciencias da Natureza, entre outras, e no Bacharelato e na FP a proposta remite a tempos anteriores á orde de

1987 en que se recollía nominalmente que dúas materias se tiñan que impartir en galego.

O galego deixa de ser o idioma da administración educativa. A proposta da Xunta só fala de que os centros nas súas actuacións educativas fomentarán o uso do galego, cando xa o decreto 135/83, mediante a orde de 1987, establecía o galego como lingua de uso dos centros: "*os centros de ensino de toda Galiza farán da lingua galega o vehículo de expresión normal nas súas actividades internas e externas*". As bases do novo decreto eliminan que o alumnado, con carácter xeral, deba utilizar o galego nas materias que se impartan en galego (recollido xa desde o decreto 135/83, mediante a orde de 1987). A proposta recolle e fomenta a publicación de materiais en castelán e até muda a denominación dos equipos de normalización lingüística, que pasan a chamarse de "dinamización", cando o seu cometido fundamental debería ser planificar a normalización.

O futuro do noso idioma pasa por que todo o ensino se imparta en galego. Con este obxectivo de referencia e no actual contexto sociopolítico, valoramos como un avance importante para o galego, máis non como unha meta, a aprobación no seu día do decreto 124/2007. Non sería entendíbel nin nada acertado participar de manobras confusionistas que pretendan dar apoio social a esta navallada contra a nosa lingua. O novo decreto non pretende máis que reducir a súa utilidade, desterrala do sistema educativo, despoxala de todos os seus dereitos e evitar, polo tanto, o seu afianzamento e uso. Non caben consensos ou acordos posíbeis se non se fundamentan no conquistado até agora para avanzar. Non podemos retroceder nin o máis mínimo ao disposto no *Plan Xeral de Normalización* e no propio Decreto 124/2007 de uso e promoción do galego no ensino. Para iso, é imprescindible continuar coa loita e coa mobilización.